

CAPÍTULO 3

# SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LIDICIA COSTAS

ILUSTRACIÓNS DE BLANCA MILLÁN



REAL ACADEMIA GALEGA



# A GUERRA PONME TRISTE

En xullo de 1936 sucederon cousas terribles que aínda a día de hoxe me provocan arreguizos. Supoño que lles escoitarías falar disto aos maiores nalgunha ocasión. Houbo un golpe de Estado, unha guerra civil e logo unha ditadura que durou case corenta anos. Que significou isto? Pois que triunfaron os do bando dos falanxistas e cometeron asasinatos. Sabes a quen mataron? Creo que debo contarcho, non ten sentido seguir con isto dentro: A Ánxel Casal, o fundador da editorial Nós.

Moitos veciños agocháronse no monte para salvar as súas vidas. Os falanxistas rexistraban as casas da xente, buscando probas para inculpalos. Se pensabas diferente ca os do bando vencedor, estabas perdido. E eu pensaba distinto. A miña biblioteca estaba chea de libros e revistas que defendían ideas que naquel tempo estaban prohibidas. Iso supuxo que tiveron que fuxir de novo de Córrego. Aquí empezou o meu camiño cara ao exilio.



É doloroso ter que marchar do teu fogar por motivos políticos. A min non me quedou outro remedio. Véñenme bágoas aos ollos lembrando todo isto. Non me gusta chorar, oxalá tivese un botón de bloquear lágrimas. Alguén debería inventalo.

Pasei un tempo en Castela e logo decidín cruzar a fronteira para chegar a Portugal. Igual non che parece cousa doutro mundo, mais era realmente perigoso porque aquel tramo estaba moi vixiado e podían determe. Non imaxinas que falcatruada se me ocorreu para pasar ao outro lado: disfraceime! Coma cando é Entroido e te vistes de superheroína ou de pantasma, pois igualiño. Eu vestínme de topógrafo, coma se estivese traballando nunha obra. Reunín unha chea de trebellos e ferramentas e así, todo equipado, crucei a fronteira en pleno día, finxindo ir camiño ao meu posto de traballo. E funcionou!







Non pasei demasiado tempo no país veciño. Alí puxéronme en contacto coa tripulación dun barco que ía partir rumbo a Bordeos. Negocieei o prezo da miña pasaxe e emprendín unha nova aventura.

Talvez estás pensando que viaxei coma un marqués a bordo desa embarcación, tomando o sol na cuberta e lendo libros de poemas no meu camarote. Diso nada! Tiven que agocharme debaixo dunha cama. Desatouse un temporal fortísimo e o barco tardou tres días en partir. Durante todo ese tempo permanecín alí metidiño debaixo daquela cama, sen facer ruído. Tiña medo de que me descubrisen e me mandasen de volta para Galicia.



Ponte no meu lugar, imaxina que tes que pasar tantos días debaixo da túa cama, sen máis compañía ca a dese pobre calcetín que está aí abandonado desde hai días, ou dese boneco que non dás atopado, ou mesmo desa monda de plátano que tes aí, gardada coma un tesouro. Mais aquí non había bonecos, nin calcetíns, nin tampouco mondas de plátano. Algunha cascuda, un pouco de po e moita tristura.

A tripulación portouse moi ben comigo. Grazas a eles, conseguín chegar a Francia. Seguía escribindo poesía, nesta época case todas eran de denuncia e moitas delas, satíricas. Para que me entendas, nos meus poemas ridiculizaba as ideas e os personaxes do franquismo e mesmo ao propio Franco. Sabes de quen falo, non? Do ditador. Uf, se me chegan a coller...







Agora mesmo, a roda dos meus prismáticos está no ano 1939. Lembra que nacín no 1903. A conta é sinxela: tiña 36 anos. Con esa idade tomei unha decisión que condicionou o resto da miña vida: uns meses despois do remate da guerra civil, collín outro barco en Bordeos que me levaría ata México.





Un proxecto da



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

Co apoio da



Deputación  
DA CORUÑA